

POR UN MODELO DE CONCELLO  
ECONOMICAMENTE VIVO  
SOCIALMENTE XUSTO  
E AMBIENTALMENTE SUSTENTABLE

# Pontevedra





## **UNHA REALIDADE SOCIAL CRÍTICA, UNHA SITUACIÓN ECONÓMICA EXTENUADA**

UNHA COMARCA CON SÍNTOMAS DE DESESTRUTURACIÓN  
DESTRUCCIÓN DE RIQUEZA E DESEMPREGO  
UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

## **ESTRATEGIAS PARA UN NOVO MODELO**

COOPERACIÓN NO EIXO ATLANTICO  
SUSTENTABILIDADE  
INNOVACIÓN CIDADÁ EN CONSUMO RESPONSABLE  
A ECONOMÍA DO BEN COMÚN

## **AS FERRAMENTAS DUN CAMBIO NECESARIO**

SENSIBILIZACIÓN SOCIAL  
XESTIÓN PÚBLICA DA ECONOMÍA LOCAL  
PARTICIPACIÓN E XESTIÓN COMUNITARIA  
FISCALIDADE PROGRESIVA E XUSTA

## **PONTEVEDRA: EIXOS CENTRAIS PARA UN NOVO MODELO**

RENDA MUNICIPAL SOCIAL  
PLAN DE PROMOCIÓN DE COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL  
NOVOS MODELOS COMERCIAIS E FEIRAS  
ECONOMÍA SOCIAL PARA UN MUNDO RURAL VIVO  
PONTEVEDRA E O TURISMO SUSTENTABLE  
COMUNICACIÓN E TRANSPORTE PÚBLICO  
POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS E DE CALIDADE

## **A MODO DE CONCLUSIÒNS**



## UNHA REALIDADE SOCIAL CRÍTICA, UNHA SITUACIÓN ECONÓMICA EXTENUADA

Pontevedra non é soamente un concello onde se están a desenvolver nos últimos dezaseis anos diversas políticas de peonalización, restrición e calmado do tráfico. Un patrón que se ven denominando reiteradamente desde o goberno municipal -ás veces como un mero soporte propagandístico de clara vocación electoral- como o “seu” e non discutible “modelo de cidade”. Hoxe Pontevedra, pola contra, é unha realidade económica complexa, socialmente asimétrica na que, en conflito, se entrecruzan distintos “modelos”.

As políticas efectuadas nos últimos anos contribuíron, sen dúbida, a recuperar parcialmente recoñecidos espazos do centro da cidade para as persoas. Mais tamén teñen provocado, por conta das orientacións desde as que estas foron concibidas, unha enorme fenda valorativa (de plusvalías sociais e económicas) entre o que se deu por chamar ‘milla de ouro’ -e a súa contorna de actuacións privilexiadas- co conxunto das parroquias e boa parte dos barrios. Toda unha contrastable fenda social, e á vez todo un “modelo” con trazas excluíntes que afectan á maioría social. Detéctase un nidio proceso de afastamento de certos sectores dese centro privilexiado -e en “tuneo” constante- para fixalos, con servizos desvirtuados e tratamentos discriminatorios, en espazos que non reciben -coa mesma intensidade que o citado centro/escaparate urbano- actuacións orzamentarias de mellora urbana e social.

## UNHA COMARCA CON SÍNTOMAS DE DESESTRUCTURACIÓN

A extensión total do concello é de aproximadamente 20 quilómetros de lonxitude Norte-Sur cunha superficie total de 118,3 quilómetros cadrados. O municipio está composto polo centro urbano e os barrios produto do desenvolvemento inmobiliario de finais do século XX, ademais de quince parroquias: Alba, Bora, Campañó, A Canicouva, Cerponzóns, Lérez, Lourizán, Marcón, Mourente, Ponte Sampaio, Salcedo, Tomeza, Verducido, Santa María de Xeve e Santo André de Xeve.

Segundo datos do INE, a poboación total do concello de Pontevedra ascende en 2015 a 82.539 habitantes, dos cales residen nas parroquias un total de 20.348 (24,4%). En 2015, por vez primeira nos últimos anos, o concello perde poboación. Un dato que se fai máis relevante nas parroquias onde, especialmente nas últimas dúas décadas, se perderon 1.200 habitantes. Outros datos salientables son o envellecemento poboacional, que xa acada unha proporción dun 19 % de habitantes con máis de 64 anos, e mais a propia idade media, situada en 43,2 anos.

Pontevedra encádrase nunha comarca oficialmente conformada tamén polos concellos de Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro, A Lama e Campo Lameiro, que totalizan 124.356 habitantes, e que pola súa vez xera importantes fluxos sociais e económicos con concellos veciños -caso de Marín, de xeito especial-, e outros achegados ou lindeiros como Soutomaior, Sanxenxo, Portas, Barro ou Caldas de Reis.

É unha rede comarcal que debe poñerse en valor para consensuar, deseñar e levar a cabo políticas que aporten solucións ás principais deficiencias que ten Pontevedra -falta de industria e altos niveis de paro e pobreza, especialmente- e trazar estratexias de desenvolvemento económico que, en ningún caso, acadarían solucións positivas nin desde o illamento e a mera propaganda, nin resucitando modelos de confrontación local ou provincial. Trátase de políticas creativas que, con calquera conformación, deben pasar por abrir relacións privilexiadas cos polos

económicos do Salnés-Vilagarcía, O Morrazo e do norte máis agrario da provincia e máis tamén con toda a gran comarca que ten á cidade de Vigo como motor principal. Un marco cooperativo necesario e estratéxico ao que se precisa sumar esa clara vantaxe -á procura de solucións integrais de futuro- que significa formar parte da trama rexional e interfronteiriza do Eixo Atlántico.

## DESTRUCCIÓN DE RIQUEZA E DESEMPREGO

Neste contexto, a comarca de Pontevedra ten enorme potencialidades. Sitúase entre as oito comarcas principais, responsables do 84% do Valor Engadido Bruto (en siglas VAB) e do 78% do emprego no territorio galego e, malia as súas eivas, ocupa o posto 5º en emprego (4,57% do total) e o posto 6º no número de empresas asentadas (4,68% do total)<sup>1</sup>.

Son potencialidades limitadas ou directamente estragadas pola falta de apostas políticas creativas que debuxen estratexias de desenvolvemento a medio prazo. A realidade da comarca de Pontevedra, segundo todos os indicadores de referencia, retrata un espazo con síntomas de depresión económica e con serios sinais de desestruturación social. Un panorama ao que, con rigor, medidas e urxencia, hai que facerlle fronte desde todas as administracións e, en especial, desde o goberno do concello de Pontevedra.

Así, se seguimos os datos referidos á evolución do VAB empresarial nas diferentes comarcas de Galicia, Pontevedra segue unha lenta pero ininterrompida caída desde o 4,6% no 2005 ao 3,0% no 2014 (atendendo aos sucesivos informes ARDAN).

O perfil do concello configúrase desde hai ben de décadas sobre un maioritario sector servizos, con hostalería, alimentación, turismo e a particular e tradicional presenza do pequeno comercio -amplamente ameazada coa moi forte implantación de franquías comerciais- e pola enorme incidencia, sobre todo este sector -e polo tanto no consumo- da crise de modelo inmobiliario especulativo que levou ao peche de importantes empresas da construción e afíns.

En Pontevedra ten un enorme peso o funcionariado público. Un parque de persoal conformado polas administracións do Concello, Deputación, Xunta de Galicia (especialmente do SERGAS) e da Administración “periférica” do Estado (Subdelegación do Goberno, Axencia Tributaria, Delegacións territoriais, corpos de seguridade, forzas militares, etc). No sector empresarial destaca o amplo tecido de micro e pequenas empresas, as naves de representación de grandes marcas sobre o noso territorio (industria de escaparate, automóbil, etc), a algunhas grandes superficies comerciais (Carrefour), as actividades asentadas no polígono industrial do Campiño/Reigosa, a alimentación, a industria de transformación relacionada coa actividade do porto de Marín-Pontevedra e o complexo químico-pasteiro ENCE-ELNOSA.

Con todo, a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística, IGE, sobre a estrutura empresarial do concello de Pontevedra, e en comparación coa galega, pódese comprobar a escasa importancia da industria (só o 9% de afiliación á Seguridade Social en 2016), a metade da *ratio* galega, e a máis que destacable do sector de servizos, neste caso moi por riba do resto da comunidade. O comercio por xunto e ao retallo e certa hostalaría presentan valores similares e, con máis de cinco puntos porcentuais por enriba da media galega, son de destacar as actividades profesionais e técnicas.

---


<sup>1</sup> Segundo datos do Informe ARDAN 2016 referido a datos das empresas do exercicio 2014

Nos últimos anos (a maiores das empresas que están a pechar, tantas delas ligadas ao ciclo inmobiliario especulativo), se tomamos por referencia de actividade e sede social as unidades de empresas da cidade de Pontevedra e a súa comarca, chama a atención que se trata dunha cifra que non é a máis acaída, sempre en relación coas súas verdadeiras potencialidades, para converternos nunha comarca dinámica no social e no empresarial.

TECIDO EMPRESARIAL (COMPARATIVA)		Galicia		Pontevedra (Comarca)		Pontevedra (Concello)	
<b>Total</b>		<b>198.808</b>	<b>100%</b>	<b>8.876</b>	<b>100%</b>	<b>6.432</b>	<b>100%</b>
<b>2 Industria, incluída a enerxía</b>		<b>14.922</b>	<b>7,51%</b>	<b>447</b>	<b>5,04%</b>	<b>275</b>	<b>4,28%</b>
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS		333	0,17%	7	0,08%	5	0,08%
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA		13.884	6,98%	426	4,80%	262	4,07%
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO		441	0,22%	9	0,10%	5	0,08%
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACT. DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE Rs E DESCONTAMINACIÓN		264	0,13%	5	0,06%	3	0,05%
<b>3 Construción</b>		<b>31.504</b>	<b>15,85%</b>	<b>1.373</b>	<b>15,47%</b>	<b>878</b>	<b>13,65%</b>
F CONSTRUCCIÓN		31.504	15,85%	1.373	15,47%	878	13,65%
<b>4 Servicios</b>		<b>162.382</b>	<b>76,65%</b>	<b>7.066</b>	<b>79,50%</b>	<b>5.279</b>	<b>82,07%</b>
G COMERCIO POR XUNTO E RETALL; REPARACIÓN VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS		53.095	26,71%	2.430	27,38%	1.705	26,51%
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO		11.674	5,87%	453	5,10%	284	4,42%
I HOSTALARÍA		21.753	10,94%	929	10,47%	595	9,25%
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS		2.428	1,22%	106	1,19%	86	1,34%
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS		4.477	2,25%	179	2,02%	140	2,18%
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS		5.143	2,59%	280	3,15%	238	3,70%
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS		20.951	10,54%	1.140	12,84%	993	15,44%
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES		5.758	2,90%	228	2,57%	173	2,69%
P EDUCACIÓN		5.317	2,67%	229	2,58%	195	3,03%
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS		7.318	3,68%	440	4,96%	374	5,81%
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO		4.106	2,07%	224	2,52%	180	2,80%
S OUTROS SERVIZOS		10.362	5,21%	418	4,71%	316	4,91%

Fonte: preparado utilizando datos do IGE/2014

Bastaría con pararnos a observar a evolución das afiliacións a seguridade social na comarca e no concello entre abril de 2011 e xuño de 2016 para comprobar que a suposta recuperación económica de Galicia e do Estado neste período non tivo ningún efecto sobre o noso territorio.



## SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Como noutros lugares a destrución de emprego foi continuada por conta da crise e a súa irrupción non foi paliada polo feito beneficioso de ser capital provincial e estar instalada nela os máis característicos centros de traballo da administración central, autonómica, provincial e local.

Todos os datos sobre emprego e actividade produtiva publicados sobre o concello de Pontevedra nos últimos anos ofrecen cifras dramáticas, debuxando unha economía que, no plano familiar ou individual, amosa en numerosos casos realidades de enorme dificultade e mesmo síntomas de colapso.

Pontevedra é un concello cunha taxa intolerable de paro -por momentos ou ciclos, a maior de Galicia-, onde se poden detectar perigosos paralelismos con *ratios* de desemprego que sofren certas capitais do sur peninsular. Esta situación económica e esta realidade social repercute directamente na situación de emprego/desemprego de numerosas familias e persoas e castiga con maior virulencia o emprego feminino e xuvenil (incluídos os colectivos con maior formación).

Xa que logo, o desemprego é sen dubida o maior e máis grave dos problemas de Pontevedra e, malia que esta situación é unanimemente recoñecida por tódolos axentes sociais, no concello de Pontevedra detéctase unha degradación, cando non ausencia, dos servizos sociais centrados nos problemas derivados da exclusión social e da pobreza.

Os datos de desemprego e pobreza referidos ao concello de Pontevedra amosan unha cidade sen un proxecto económico e social que permita facerlle fronte con contundencia á auténtica situación de emerxencia social que sofre unha parte importante da cidadanía.

A poboación pontevedresa cada vez está mais empobrecida e en situación de exclusión social, segundo o indicador oficial AROPE, que mide A Taxa de Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social da Estratexia Europa 2020 (At Risk of Poverty or Social Exclusion), é do 20,62%, isto é 17.087 persoas, das 82.946. Este indicador AROPE componse de tres sub-indicadores:

- Renda (Taxa de pobreza): Desde ela se indica a poboación baixo o *umbral* estatal de pobreza. Considéranse en risco de pobreza todas aquelas persoas que viven en fogares cunha renda inferior ao 60% da renda mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo (é dicir, por fogar).
- Privación material severa (PMS): Refírese ás persoas que viven en fogares nos que declaran que non poden permitirse catro dos nove ítems seleccionados a nivel europeo (pagar o aluguer ou unha letra da hipoteca, manter a súas casas cunha temperatura adecuada nos meses fríos, afrontar gastos de carácter imprevisto, un xantar de carne, polo ou peixe -ou os seus equivalentes vexetarianos- ao menos tres veces por semana, unhas vacacións de polo menos unha semana ao ano, un coche, unha lavadora, unha televisión ou un teléfono fixo ou móbil).
- Intensidade de traballo (poboación con Baixa Intensidade de Traballo por Fogar: BITF): Esta variable comprende a relación entre o número de persoas que traballan nun fogar e o número das que están en idade de traballar: nun fogar con dúas persoas adultas onde só traballa unha a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,5, mentres que se traballan as dúas sería de 1. Se un dos adultos traballase a media xornada e outro a



xornada completa, a intensidade de traballo dese fogar sería do 0.75. O indicador AROPE comprende as persoas que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 0.2.

Para entender a magnitude e impacto das inexistentes políticas de investimento social nas persoas, unha serie de datos referentes ao concello de Pontevedra descubren e plasman unha realidade de empobrecemento e de perda de dereitos sociais apenas paliada por un programa de axudas de emerxencia municipal insuficiente.

O investimento social por persoa, é dicir, o gasto real en Protección e Promoción Social, segundo datos do Ministerio de Facenda (2015), é no Concello de Pontevedra de 54,41 euros, o mais baixo de Galicia (*gráfico pobreza/exclusión*).


### Pobreza / Exclusión e Liquidación de Orzamentos por Habitante

#### Partida de Protección e Promoción Social

CONCELLO	Pobreza + Exclusión		Orzamento Social por persoa			Dif. Orz 2015-2014 (euros)
	2012	2013	2013	2014	2015	
A Coruña	19,10%	22,40%	95,1	95,47	101,16	1.301.129,70 €
Ferrol	23,00%	25,80%	109,4	116,7	128,53	714.207,08 €
Lugo	17,70%	14,50%	157,2	164,5	124,38	-4.007.727,97 €
Santiago	18,70%	18,00%	55,9	54,5	70,07	1.479.817,74 €
Ourense	23,20%	23,00%	85,7	81,6	86,18	428.997,13 €
Pontevedra	20,60%	23,00%	48,7	50,7	54,41	288.497,08 €
Vigo	21,20%	24,20%	66,8	61,7	62,87	302.617,80 €


Fonte: Ministerio Facenda. Liquidación Orzamentos Entidades Locais 2014 e 2015 / IGE . Taxa de Risco de Pobreza ou Exclusión Social (ARPE)

A causa principal destes desequilibrios sociais pasa porque en Pontevedra -cifra a ponderar ou corrigir por variantes estacionais- só traballan 42 de cada 100 persoas entre 16 e 64 anos. Pontevedra foi tamén a cidade máis afectada no seu tecido produtivo durante a etapa máis dura da crise 2009/2014, despois de aumentar o paro nun 14,3%.




Fonte: IGE/EPA

A perda de emprego nese período é brutal. Até un 18% por riba de Ferrol e Vigo -segundo tramos estatísticos- cidades especialmente castigadas. Por sectores, esta fonda caída do emprego, desmascara un problema estrutural que afecta as diferentes ámbitos profesionais.




Fonte: IGE/EPA

Con todo, a perda continua de emprego no sector público (27%) nunha cidade administrativa como Pontevedra é todo un sinal de alarma. A maiores, persiste a caída de emprego en todos os sectores, aínda que é especialmente preocupante no industrial (-39%) xa que é un emprego cun difícil proceso de recuperación. Mentres, o emprego autónomo, salvavidas para moitos desempregados, permanece estancado.



Fonte: IGE/EPA



Fonte: IGE/EPA

De forma oficial, entre 7.500 e 8.500 persoas desempregadas (segundo medicións de distintos meses e anos) son as que no último período non gozaron de traballo por causa dun modelo económico obsoleto, no global e no local, que é sustentado en Pontevedra capital -desde os seus valores e perfíles positivos e negativos- cunha gran cota de emprego na administración.

Ante este problema social e económico, necesítase unha aposta decisiva por outro modelo e abordar o gran problema social do desemprego non con propaganda institucional senón con políticas de investimento fortes e decididas en materias sociais e de emprego activo e nas que, como estratexia tanto de presente como de futuro, se implique á cidadanía.

Este compromiso debe chegar por medio de iniciativas políticas e orzamentarias que pasen pola aposta en I+D+I, pola implicación no pequeno tecido produtivo da economía do Ben Común e pola recuperación da ría como motor ligado aos sectores da pesca, o marisqueo e o turismo. Tamén, relacionada con isto, por unha nova ordenación do territorio (deseñada nun novo PXOM) capaz de xerar avances en positivo dos equilibrios sociais e económicos. Un proceso desde onde debera nacer o verdadeiro “modelo de cidade” que todos agardamos.



## ESTRATEGIAS PARA UN NOVO MODELO

### COOPERACIÓN E EIXO ATLANTICO

En Galicia non existe unha cidade cabeceira sobre a que se vertebra o resto do país. En realidade confórmase unha rede de cidades onde cada unha ten que buscar o seu papel complementario coas outras seis grandes poboacións. Este principio, sinxelo é evidente, é decisivo para buscar sinerxías ou complicidades entre empresas, independentemente de que desenvolvan a súa actividade en Galicia, no Estado, en Europa ou nos países emerxentes. O eixo atlántico constitúe ademais dunha vertebración infraestrutural e poboacional dun ronsel de cidades, vilas e centros de produción.

É fundamental que Pontevedra e a súa comarca amplíen as súas redes conectivas co resto de cidades galegas en todos os campos do coñecemento e da empresa, e máis na diagnose, información e desenvolvemento da solidariedade e dos servizos públicos de calidade. Que contribúa, como cidade e concello, a unha estratexia do Ben Común baseada na toma de decisións estratéxicas, exentas de localismos trasnoitados, que atinxan sobre todo á rede de aeroportos, ao transporte colectivo público por estrada, ao mapa social de infraestruturas viarias (autoestradas, autovías, tranvías e liñas ferroviarias, especialmente de proximidade) e a un correcto e sustentable modelo de portos públicos.

Nese marco de actuación débese abrir o debate sobre as seguintes propostas:

- Cooperación económica e de comunicacións entre Pontevedra e Vigo, e sempre a esquecer caducos e inútiles receos.
- Integración e complementariedade, desde a necesidade de coordinación dos Consellos Económicos e Sociais de ámbalas dúas cidades.
- Cooperación económica con Marín en base ao porto compartido e a vertebración territorial.
- Construción dun porto seco que aumente as posibilidades estratéxicas do porto de Marín-Pontevedra na súa dimensión máis internacional.
- Cooperación económica e de comunicacións entre Pontevedra e a súa comarca co Salnés e mais co territorio representado polo eixo Lalín-A Estrada.
- Integración comarcal, de servizos e infraestruturas, tanto empresarial coma institucionalmente.
- Despolitización partidaria na apertura de debates sobre posibles fusións municipais.
- Capilarización das comunicacións na procura da sustentabilidade, o respecto ao medio e a redución de custos do transporte e tempos de entrega das mercadorías.
- Coordinación de políticas de emprego que faciliten o retorno dos exiliados económicos e a súa integración no tecido económico e social do territorio común.

### SUSTENTABILIDADE

Sábese con seguridade que por cada 100 empregos precarios que crea unha grande área comercial se destrúen 1.000 postos de traballo do pequeno comercio local. Máis do 90 por cento das empresas contan con menos de 50 traballadoras e case un 70 por cento delas teñen menos de 10. Por tanto, son as pequenas empresas e os autónomos os que aínda en plena crise manteñen, especialmente en Galicia e na comarca de Pontevedra en particular, un tecido

empresarial imposible de substituír polas grandes empresas.

As novas tecnoloxías e os novos sectores son os que crean valor engadido. Pontevedra ten que investir máis decididamente no ámbito das telecomunicacións, poñendo a disposición dos emprendedores os quilómetros de fibra óptica de alta calidade que precisen para o desenvolvemento dos seus proxectos.

O marco cooperativista é a mellor expresión da economía social e é deber do concello de Pontevedra incentivar a aparición de empresas de economía social, axudándoas a arrancar e a proxectarse nos mercados. Fomentar unha economía cooperativa que poida pechar círculos produtivos e ecolóxicos.

## **Enerxía**

Desde o concello de Pontevedra débense apoiar plans de actuación para lograr o “Balance cero enerxético”. Nesa liña de actuacións débese impulsar unha auditoría enerxética do concello e un plan de actuacións en base a esa auditoría, con revisión de contratos ante os novos comercializadores.

## **Horizonte 2020**

O concello de Pontevedra debe facer súas, en contacto e coa implicación permanente cos axentes produtivos da cidade, as iniciativas da Comisión Europea “2020”, asumindo os seus cinco grandes obxectivos.

- En emprego: Conseguir un traballo digno para, polo menos, o 75 por cento da poboación entre os vinte e os 65 anos.
- En I + D: Acadar uns investimentos que alcancen o 3 por cento do PIB.
- En educación: Situar as taxas de abandono escolar por debaixo do 10 por cento.
- Na loita contra a pobreza e a exclusión: Reducir polo menos en vinte millóns o número de europeos en situación de pobreza ou risco de exclusión.
- En cambio climático e sustentabilidade enerxética: Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 20 por cento a respecto dos niveis de 1990, aumentar un 20 por cento a eficiencia enerxética e situar o consumo de enerxías renovables en, polo menos, o 20 por cento do total.

## **Innovación cidadá en consumo responsable**

O consumo é na actualidade un dos campos de maior experimentación e crecemento e un ámbito fundamental para lograr cambios económicos estruturais que procuren unha definitiva transformación, cara á calidade e sustentabilidade, dos modos de vida actuais.

Entendemos o consumo responsable -ou consumo consciente- como un acto de transformación social que parte das persoas e se fundamenta nunha toma de conciencia sobre as propias decisións e valores de consumo. Os obxectivos destes cambios de actitude e estilos de vida son basicamente dous:

- Que a nosa forma de vivir teña un impacto positivo na sociedade, contribuíndo a reducir os impactos ambientais e sociais do modelo económico actual.

- Que estes cambios supoñan unha transformación cultural, recuperando a idea de benestar baixo o concepto de “consumir menos e vivir mellor”.

## **A ECONOMÍA DO BEN COMÚN**

A aposta pola Economía Social do Ben Común, susténtase nuns baremos alternativos, tanto na fiscalidade coma na contratación. Dignidade humana, solidariedade, equilibrio ecolóxico, xustiza social, participación democrática e transparencia son os elementos centrais dunha proposta que ten a consecución institucional e social destes valores como obxectivo prioritario.

A Economía do Ben Común describe unha orde alternativa iniciada desde abaixo; é dicir, os particulares, as empresas e o concello, como administración de maior proximidade. Iso obriga o concello a:

- Facer un balance do Ben Común no seu propio ámbito administrativo e económico. Un bo resultado tería consecuencias nas axudas da Comunidade Europea, que priman os concellos destacados nas políticas en favor da xente e da natureza, fronte aos que se desentenden diso.
- Invitar os empresarios locais a realizar o seu balance do Ben Común, primando as empresas pioneiras, que tamén se verían beneficiadas pola Axenda Local 21.
- Desenvolver un índice de calidade de vida municipal situado entre o produto do Ben Común (a economía) e o balance do Ben Común (a empresa). O índice sairía da avaliación de factores de calidade que, a través de procedementos de participación cidadá, se determinen e que deberían ser medidos unha vez ao ano.
- Impulsar con outros concellos da comarca unha rede xeográfica do Ben Común claramente comprometida con causas como a xustiza social ou a eficiencia enerxética nos territorios comúns. O concello de Pontevedra deberá estudar os logros doutros concellos, especialmente dos que teñen unha dimensión semellante, que xa ensaiaron unha aposta importante polo Ben Común.

## **A auditoría do Ben Común**

Trátase de tomar a matriz do Ben Común como elemento central dunha auditoría social e á vez establecer incentivos as empresas que á hora de contratar coa administración obteñan a mellor nota nas boas prácticas.





## AS FERRAMENTAS DUN CAMBIO NECESARIO

### SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

O Consello Económico Social debe corrixir o seu carácter esporádico ou puramente burocrático. O CES local e o CES deben conformarse como motores para a elaboración e deseño de programas e estratexias de desenvolvemento económico sustentable e de políticas de emprego, cas seguintes liñas de traballo:

- Estudio e análise do mercado de traballo, coa participación da Universidade, para conseguir a maior integración das persoas en novos nichos de emprego.
- Creación de clubs de emprego e talleres de emprego, así como insistir na orientación sociolaboral en cada un dos centros sociais existentes na cidade e comarca.
- Impulso á formación profesional nun proceso de interrelación e mediación do concello de Pontevedra coa Consellería de Educación, a Deputación provincial, a Cámara de Comercio e os distintos viveiros universitarios.
- Recoñecemento das forzas sindicais radicadas na comarca como factores cualificados nesta tarefa e convenios coas empresas dos sectores con necesidades de man de obra especializada, baixo condicións axeitadas e dignas.
- Estudo do posible uso dos parques de vehículos oficiais como escolas taller e análise dos espazos institucionais e administrativos para o desenvolvemento nas súas instalacións de cursos ou obradoiros variados (xardinería, publicidade, distribución, interiorismo, diplomacia corporativa, intelixencia corporativa, cooperación entre empresas, uso cidadán dos espazos...).
- Impulsar que as entidades bancarias nacionalizadas instaladas en Pontevedra e comarca canalicen convenios para as axudas oficiais do ICO e do ICEX e os fondos da Xunta para o apoio a PeMEs nas súas políticas de consolidación e de ampliación de mercados. Tamén aquelas que xa dispoñan de microcréditos nas súas carteiras de servizos podan ofertalas directamente ou tras mediación coa Concellaría de Fomento.
- Impulsar a figura dos Conselleiros Voluntarios (prexubiladas ou xubiladas que teñan coñecementos específicos e ricas experiencias que voluntariamente quixeran poñer a disposición de persoas ou empresas emprendedoras).
- Promoción e desenvolvemento de iniciativas locais de carácter produtivo e de servizos que poderían pasar por deseñar Grupos de Desenvolvemento Local (por parroquias e mesmo por barrios).

### XESTIÓN PÚBLICA DA ECONOMÍA LOCAL

#### Planificación e seguimento de políticas sociais

Certas reformas legislativas converteron en impropias as competencias dos concellos en materia de políticas sociais. Quedan os centros de Servizos Sociais de Base como receptores de documentación e iniciadores de expedientes, coa súa avaliación previa, e quedan outros servizos dispostos en convenios coa Xunta. Os servizos sociais, considerados desde o goberno central como un gasto, serven para crear emprego, benestar social e garantir dereitos da cidadanía, e son decisivos para xerar unha pedagogía da solidariedade interxeneracional.

## Cláusulas sociais na licitación das administracións locais

Á parte de requirirse que a empresa licitadora sexa competente no seu sector profesional, que estea ao tanto das distintas taxas municipais ou que sexa economicamente e fiscalmente solvente, é preciso que desde a administración local se comecen a valorar novos conceptos a puntuar nos procesos de contratación e licitación (Estratexias de reinvestimento, contratación de persoas da contorna, contratación de exiliados/as económicas, facilidades á conciliación laboral, niveis de colaboración con cooperativas, cumprimento dos prazos de pago establecidos polas leis, etc).

## Compra (ética) pública responsable

A Compra Pública Responsable nas Administracións Públicas define a aplicación dun conxunto de parámetros sociais, ambientais, éticos e bioéticos na execución dos orzamentos públicos para a adquisición e para o consumo de bens e servizos. Esta compra susténtase na Compra Pública Ética, na Compra e no Consumo Público Sustentable e na Compra Pública Social.

O Concello de Pontevedra debe introducir criterios éticos establecidos por convencións internacionais, con estándares sobre condicións laborais e modelos de consumo máis respectuosos co ambiente, resolvendo ou minimizando o impacto do consumo municipal e contribuíndo a mellorar a calidade de vida. Isto repercutiría positivamente na calidade do emprego, na perspectiva de xénero e na contratación de persoas con discapacidade. Tamén introduciría o apoio ás empresas de economía social (aquelas que contan con procesos de xestión democráticos, partillados e cooperativos, onde priman as persoas e o traballo sobre o capital na repartición das rendas).

En definitiva, a Compra Pública Responsable potencia proxectos de interese comunitario con financiamento, xa público, é dicir, de toda a cidadanía, baixo criterios de rendibilidade, responsabilidade e solidariedade. A nova *Lei de Contratos do Sector Público* (Lei 30/2007), en vigor desde o 1 de maio de 2008, amplía as posibilidades para a introdución da Compra Pública Responsable establecida pola *directiva europea 2004/18/CE sobre a "coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, subministracións e servizos"*.

## Criterios de contratación para aplicar polo Concello de Pontevedra

Desde o Concello de Pontevedra débese mercar e contratar cos seguintes criterios recoñecidos por distintas organizacións internacionais e académicas polo seu amplo valor social e económico:

### Criterio ambiental

Contrataranse produtos e servizos que produzan o menor impacto posible sobre o ambiente e consuman o mínimo de recursos, atendendo os seguintes criterios:

- Que sexan reciclados, reutilizables e reciclables.
- Que leven embalaxes mínimas, recicladas e reciclables, libres de substancias perigosas e con compoñentes recargables ou recambiables.
- Que non se contraten servizos que empreguen produtos tóxicos, especialmente no ámbito da limpeza e da xardinería.
- Que se lles esixa ás empresas aspirantes á contratación o cumprimento das normas

ambientais e outras normas e regulamentos de sustentabilidade ambiental.

### **Criterio ético**

Contrataranse produtos e servizos que cumpran os seguintes criterios:

- Que respecten na súa fabricación e na produción dos materiais as convencións fundamentais da OIT, así como os certificados de comercio xusto segundo os termos establecidos na resolución do Parlamento europeo 2005/2245 (INI).
- Que se teñan en conta os criterios da soberanía alimentaria que establecen a proximidade na produción e o respecto ás persoas e ao medio ambiente, propios da agricultura ecolóxica.
- Que se aposte por utilizar finanzas éticas nas súas transaccións e depósitos e que non se contrate con empresas que teñan filiais en paraísos fiscais.

### **Criterio social**

Contrataranse produtos e servizos que proveñan preferentemente de empresas de economía social (segundo a definición establecida pola Confederación Empresarial de Economía Social, que agrupa sociedades laborais, cooperativas, mutuas, empresas de inserción, fundacións e centros especiais de emprego).

## **PARTICIPACIÓN E XESTIÓN COMUNITARIA**

### **Os modelos de xestión público-cooperativa-comunitaria**

Os modelos de xestión de espazos, servizos e equipamentos públicos-cooperativos-comunitarios deben basearse en tres grandes premisas.

Primeira: os proxectos deben ter como obxectivo a viabilidade económica independente da administración.

Segunda: a titularidade do solo e os edificios debe manterse sempre pública.

Terceira: as cesións para a xestión comunitaria deben establecerse a longo prazo.

### **Orzamentos participativos**

Deben desenvolverse orzamentos partillados e cooperativos, para cambiar os procesos de deseño orzamental e de toma de decisión en materia de ingresos e gastos, para que no concello de Pontevedra primen os seguintes obxectivos:

- Aumentar a cultura política da cidadanía.
- Democratizar as institucións.
- Responsabilizar aos propios cidadáns dun apartado relevante (10%) dos investimentos.

### **Outros retos da Economía Social e Solidaria**

A Economía Social e Solidaria é un campo privilexiado para poñer en práctica as teorías que

entenden a economía como algo máis que a asignación eficaz de recursos. Construír un tecido produtivo que sitúa ás persoas e o seu contexto social e ecolóxico no mesmo centro significa que estas poden decidir que, como e para que se produce. A produción ponse ao servizo da sustentabilidade da vida, tanto da humana como da contorna ecolóxica onde se desenvolve.

## **FISCALIDADE PROGRESIVA E XUSTA**

Asegurar unha fiscalidade máis xusta e progresiva, con rebaixa ou exención solidaria para as familias sen recursos ou para as persoas que vivan soas e teñan rendas inferiores ao Salario Mínimo (no IBI e mais en taxas como o abastecemento de auga ou a recollida do lixo). Estas medidas virían acompañadas dunha actualización do IBI e do IAE para as empresas de maior tamaño e para as rendas máis elevadas, e unha penalización polas vivendas desocupadas.

### **Ordenanzas fiscais**

É obrigado establecer reformas das ordenanzas fiscais para que garanten principios de equidade e progresividade cruzados con criterios sociais de fiscalidade verde e redistribución da riqueza.

- IBI: Bonificacións: Por aproveitamento da enerxía solar, por inmobles nos que se desenvolvan actividades declaradas de especial interese. Recargos: por inmobles propiedade das entidades financeiras deshabitados.
- IAE: Bonificacións por aproveitamento de enerxías renovables, por ter establecido un plan de transporte para os seus empregados, por aumentar o seu cadro de persoal con contratación indefinida e por comprometerse coa igualdade de xénero (tamén no plano salarial) e mais co traballo digno (segundo criterios OIT).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica: Bonificación por baixas emisións de CO2.
- Taxas polos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos, de subministración de auga e de eliminación das augas residuais: Bonificacións para pensionistas e desempregados con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública: Aumentar a tarifa dos caixeiros automáticos dos bancos.

## PONTEVEDRA: EIXOS CENTRAIS PARA UN NOVO MODELO

### RENDA MUNICIPAL SOCIAL

A renda municipal social é unha prestación económica para paliar a situación de empobrecemento, exclusión social e desigualdade que está padecendo a poboación. Esta ferramenta permite asegurar unhas rendas mínimas para garantir a cobertura de necesidades básicas (alimentación diaria, vestuario, gastos de aloxamento..etc). Como recolle a Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014-2020), o principal problema que afrontan as familias en situación de risco de exclusión é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para a súa descendencia. Asegurando as rendas mínimas garántense a cobertura das necesidades mínimas, e dun xeito digno, a xestión socioeconómica da unidade familiar.

A situación de empobrecemento e desigualdade que padece a veciñanza do Concello de Pontevedra, ben pode resumirse, a parte dos indicadores anteriormente comentados, nos seguintes aspectos:

- Incremento da pobreza nas familias, xa que no que vai de ano 2016 lévanse contabilizadas entornando a 250 RISGAs (entre novas altas e renovacións) .
- Incremento das familias solicitantes de axudas de emerxencia social, entornando a 120, para satisfacer necesidades básicas como alimentación, vivenda, pago de subministro eléctrico e de gas -pobreza enerxética sobre todo nos meses de inverno-, vestimenta e material escolar.
- Incremento de familias cun só proxenitor/ra ao fronte que solicitan axudas sociais, sobre todo no caso de familias monomarentais. Esta situación nos permite inferir a feminización da pobreza, a cal estase agravando pola falla de acceso ao mundo laboral, a precarización laboral e as dificultades de conciliación familiar, persoal e laboral xa que o mercado laboral (en liñas xerais) non permite, nin facilita poder compatibilizar a realización dun traballo e o coidado da familia. Hai que subliñar que conciliación familiar, na actualidade, non é un valor senón unha “dificultade”, máxime cando a persoa responsable da familia é unha muller (familias monomarentais), xunto co esgotamento, en tantos casos, das prestacións sociais vinculadas ao traballo produtivo.
- Incremento de familias que aínda tendo traballo, pero sendo este precario, intermitente ou a tempo parcial, non lles permite facer fronte as necesidades básicas.

A nivel autonómico contamos coa Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia que supón un cambio profundo na tramitación e xestión da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). Segundo recolle o Informe de EAPN (Rede de Loita contra a Pobreza, *“Para una RISGA Efectiva: Dos papeis as persoas”*, este marco xurídico ten diversas eivas entre elas:

- A día de hoxe en día segue sen contar cun regulamento que rexa a súa xestión, cando na disposición derradeira primeira da propia lei, debería estar elaborado nun prazo non superior aos seis meses dende a súa publicación (e dicir 30 de xuño de 2014).
- Orzamento insuficiente.
- Falta de adaptación as necesidades actuais das persoas en situación de exclusión social.
- Os retrasos no proceso de tramitación, o endurecemento dos requisitos de acceso e

mantemento da mesma, poñen en serias dificultades que esta prestación social chegue a ser un instrumento eficaz contra a exclusión social.

A teor da situación de pobreza e exclusión social nas familias de Pontevedra, xunto coa crise económica destes anos, e falta de políticas sociais inclusivas para dar resposta a esta realidade de emerxencia social, entendemos que é unha prioridade poñer en marcha una renda municipal social complementaria de todo tipo de recursos e prestacións económicas previstas na lexislación vixente. Cómpre sinalar que a RISGA está dirixida a persoas que carecen totalmente de ingresos, fronte a renda municipal social que sería un apoio temporal dirixida a persoas que tendo algún tipo de renda, non poden facer satisfacer necesidades básicas dunha forma digna, son os novos perfís de persoas que están entrando nestas situacións de exclusión social e ante as cales as axudas autonómicas e estatais non dan resposta nin cobertura.

Esta renda municipal social é unha prestación económica, de carácter temporal e vencellada a un itinerario de inclusión cidadá, para persoas en situación de vulnerabilidade social, e/ou en situación ou risco de exclusión social, para que, dun xeito digno poidan, a través desta renda mínima, satisfacer e facer fronte as necesidades básicas de alimentación diaria, vestiario, gastos de aloxamento, material escolar, pago da electricidade, do gas....etc asegurándose tanto o benestar persoal como o da súa familia.

A renda municipal débese articular a través da elaboración dunha ordenanza municipal, deseñada e planificada desde os equipos técnicos dos Servizos Sociais do Concello, e participada pola Xunta de Galicia, entidades de iniciativa social que desenvolven a súas actividades en materia de loita contra a pobreza e resto de axentes sociais (sin ser participes a título lucrativo). Segundo o padrón de habitantes de Pontevedra, conta cunha poboación de 82.539 habitantes (dato a 1 de xaneiro de 2015 do Padrón Municipal), o número estimado de familias destinatarias desta prestación económica sería de 350, tendo en conta como tipo medio de unidade de convivencia familiar de 4 membros, que lles corresponde de contía base (130% sobre o IPREM – 532,51 euros), cun orzamento total de 1.950.000 euros (cálculo feito para 8 meses).

A consecuencia da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local sufríronse recortes importantes na prestación de servizos sociais nas entidades locais, afectando directamente a medidas que promoven a inclusión social, entre outras. A sentenza do Tribunal Constitucional do 3 de marzo de 2016 declarou inconstitucionais e nulos diversos artigos desta lei, entre eles a Disposición transitoria primeira, que establecía como data límite 2016 para que as entidades locais deixaran de prestar gran parte da carteira de servizos sociais e foran asumidos ou financiados polas Comunidades Autónomas. Por mor diso cómpre facer fincapé que é unha competencia municipal, obrigatoria de atender e dar resposta as necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade social, e/ou exclusión social.

Precisamos poñer medidas que garantan ou complementen un mínimo sistema de protección social, que permitan combater a pobreza e exclusión social a través de políticas inclusivas, garantindo os dereitos da cidadanía xa adquiridos ó longo do tempo en materia sanitaria, educativa, de consumo, servizos sociais..eta. Trátase de poñer a economía ao servizo das persoas, velar polos dereitos e non as persoas ao servizo do gran capital económico. As políticas sociais deber ser inclusivas e a medio e longo prazo que faciliten que as persoas que están nunha situación de desigualdade social, ou nun proceso de exclusión social teñan a oportunidade de afrontar dun xeito digno a satisfacción das necesidades básicas, e non estar condenadas a “axudas e subvencións” de miseria.

## PLAN DE PROMOCIÓN DE COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

O modelo empresarial tradicional está a se ver cuestionado polas súas formas de organizar e xestionar o traballo asalariado, baseado en fortes desigualdades e por ser incapaz de garantir emprego a sectores cada vez máis amplos da poboación. As alternativas que se ofrecen desde a economía social e solidaria continúan en propagación, aínda que non quedan exentas de ameazas de precarización, atomización e vulnerabilidade se non reflexionamos colectivamente como fortalecer as ferramentas para a súa creación e consolidación.

A economía social e solidaria preséntase na actualidade como unha alternativa real e viable na produción de tecido económico e cidadán. A crueza da crise actual non fixo senón evidenciar as prioridades dun sistema económico imperante que non só se mostra incapaz de soste a vida e o planeta, senón que xera destrución logo de primar a consecución do máximo beneficio no menor prazo posible. Se queremos evitar unha eminente catástrofe ambiental, económica e social -como xa advirten desde organizacións internacionais de referencia- necesitamos unha economía que se integre e respecte ás persoas e territorio no que se desenvolve e que, sobre todo, dea resposta ás necesidades da súa poboación xerando tanto riqueza económica como tempo para a reprodución social.

Ante este reto, debemos revisar ou ampliar os criterios e parámetros de avaliación do éxito das organizacións produtivas no ámbito local de maneira que inclúan aspectos como a conciliación, o uso responsable dos recursos ambientais, o coidado dos vínculos, a democratización das organizacións, a aprendizaxe e socialización do coñecemento, a responsabilidade compartida, etc. É necesario tamén estar preparados ante a posibilidade de que estes procesos podan aumentar os custos da produción no senso de que, por exemplo, incluír a pegada ecolóxica repercute no custo de fabricación dun automóbil, os procesos de democratización interna podan arrastrar un aumento de custos en forma de tempo e enerxía, polo que non é posible manter a produtividade como un dos principais criterios do bo funcionamento empresarial.

Sen pretender obviar as terribles consecuencias que para un significado número de persoas está a ter a crise, debemos pensar que na actualidade ábrese a posibilidade de realizar un desprazamento de decisións que aposte por unha cultura na que nos responsabilicemos de xerar e xestionar o tecido produtivo introducindo valores éticos e dando prioridade á procura dunha distribución máis xusta da riqueza.

Estamos fronte a unha gran oportunidade que as institucións políticas, especialmente no marco local, deben apoiar e fomentar. Nese sentido e necesario un pulo ás formulas de economía social e cooperativa. Negocios ou emprendementos que tendan a basearse nunha combinación de cooperación-competencia, e non só na simple competencia.

Nesta situación de crise, as cooperativas poden ser unha saída para as empresas en creba que logren así ter unha nova andadura en mans dos traballadores por medio da capitalización de prestacións, uso activo de indemnizacións, e a utilizar apoios dispostos desde as distintas administracións. As empresas sexa cal sexa o seu tipo (SA, SLU, Cooperativa...) deberan adoptar, cara a cidadanía que consume os seus produtos e servizos, claros compromisos de responsabilidade social e ensaiar e levar á practica modelos que á vez sexan compartidos e apoiados polas administracións.

Promover un tecido cooperativo pode e debe ser unha política na que o concello de Pontevedra

pode intervir xerando debates, propostas e deseños orzamentarios que recollan a filosofía dun sistema económico de nova fasquía que, no ámbito local, pode contribuír decisivamente a solucionar decisivamente o problema do desemprego e a inhabilitación social que a ausencia dun traballo digno implica.

Nese sentido, pódense abordar as seguintes liñas de traballo e debate:

- Fomento dunha cultura do emprendemento e o auto-emprego social, con responsabilidade ambiental, e decidida a incorporar, desde o realismo, valores da solidariedade, cooperación e interdependencia.
- Desenvolvemento de políticas de emprego que velen por sistemas integrais e integrados baseadas nas necesidades do territorio. Políticas que deben perseguir unha maior taxa de emprego de persoas con risco de exclusión social.
- Inclusión de referentes empresariais e organizativos da economía social e solidaria nos programas educativos, incluíndo os ciclos formativos e estudos universitarios.
- Aumento dos programas educativos que favorezan a economía social e solidaria desde a infancia e introducir ditas iniciativas nos programas de universidades e escolas de negocios as prácticas de economía social e solidaria como outro modelo, especificando os seus beneficios, propostas e experiencias.
- Fomento e visibilización do cooperativismo en xeral, e dos grupos cooperativos en particular, como ferramenta para dar resposta de forma colectiva á diversidade de necesidades sociais e económicas existentes.
- Aumento da investigación sobre os modelos empresariais e organizativos da economía social e solidaria de éxito así como da difusión e promoción dos seus elementos clave.
- Deseño de novas políticas de acceso ao financiamento para este tipo de empresas que favorezan a creación de novos proxectos así como o mantemento dos xa existentes.
- Ampliar o concepto convencional de “empresa” incluíndo máis dimensións que permitan un modelo organizativo máis ecosistémico xerado desde abaixo e non exclusivamente desde lexislacións paralizantes.
- Desenvolvemento e promoción de formación específica para os proxectos da economía social que cubra aspectos xurídicos, comerciais, comunicativos, financeiros e tecnolóxicos adaptados aos distintos tipos de emprendementos, o nivel de madurez dos proxectos e as necesidades das redes nos que están inseridos
- Inclusión nos concursos administrativos públicos de criterios éticos, arraigamento no territorio, calidade técnica, e responsabilidade social para as empresas e entidades que participan nas contratacións.
- Incorporación de parámetros de avaliación do éxito e o crecemento das empresas que vaian máis aló dos resultados económicos e teñan en conta dimensións como as condicións laborais, os niveis de democracia interna, e o retorno ás comunidades nas que se sustenta a actividade.
- Garantía de participación e financiamento do tecido económico solidario creado desde a veciñanza a través da contratación e na xestión de recursos parroquiais, municipais e locais.

## **POR NOVOS MODELOS COMERCIAIS E FEIRAIS**

Os novos modelos comerciais e feirais a desenvolver no territorio do concello de Pontevedra



deben pasar necesariamente polo fomento da soberanía local mediante políticas públicas que se fomenten nos ámbitos decisorios e estratéxicos da economía co fin último de crear emprego, reducir a dependencia de ciclos económicos esóxenos e xerar, desde o empoderamento cidadán, espazos exploradores de autoxestión económica. Coa creación de grupos locais de vínculo comunitario pode, como exemplo, optarse por un desenvolvemento de mercados sociais participados por actores e activos da economía solidaria e social seguindo unha serie de obxectivos que se deben analizar e estudar como propostas abertas:

- Crear redes solidarias de produción, distribución, consumo e finanzas que permitan a satisfacción de necesidades cotiás autónomas e desconectadas da crise capitalista actual.
- Fomento do consumo responsable tanto nos consumidores como nos vendedores e impulsar proxectos que circulen sempre baixo estándares de viabilidade económica, ecolóxica e non discriminatoria.
- Estender as actividades feirais ou de mercado polo territorio (cidade e parroquias) en base a estratexias e políticas de especialización.
- Abrir espazos comerciais e culturais de proximidade nos que se ligue a cultura, o comercio e a sociabilidade recreativa.
- Ensaio de uso de moeda social ou complementaria e rede de tendas de comercio xusto ou de obxectivos sociais.
- Desenvolvemento activo do uso dos recursos dixitais e en rede para publicitar as actividades de mercado e feirais.

### **Un exemplo propositivo: Por un relanzamento da Praza de Abastos**

A Praza de Abastos municipal de Pontevedra é un espazo renovado que ofrece produtos de calidade pero que non só é deficitario para o concello senón que amosa na última década claros signos de esgotamento do seu modelo baseado, sobre todo, na tradición mesma da súa traxectoria.

Unha proposta específica para resolver esta grave situación debera pasar necesariamente por análises que caracterizasen a súa crise e caída e desde os que se podan identificar as súas causas verdadeiras. Un estudo que deber ser en todo caso partillado polo concello (grupo de goberno e grupos políticos), as concesións alí asentadas, usuarios/as directos e cidadanía en xeral.

A través destes análises deberan visualizarse tanto as súas fortalezas como as súas debilidades, eivas e acertos, e ofrecer unha visión de futuro sobre unha infraestrutura comercial que na súa restauración o concello de Pontevedra realizara no seu día un considerable, mais necesario, investimento público.

No Praza de Abastos municipal conflúen diversos factores circunstanciais que, no negativo, atinxen tanto ao interior do Mercado como á súa propia contorna:

- Horarios inadecuados aos novos hábitos de consumo.
- Minorización da oferta espacial no conxunto do Mercado con peche de espazos.
- Inadecuación ás novas demandas das e das consumidoras.
- Instalación nun entorno con claros síntomas de degradación urbana, en proceso de redución de habitantes e con claras minguas na habitabilidade.
- Cambio xeracional dos usos sociais tradicionais que antes priorizaban a compra na

“Praza”.

- Redistribución dos fluxos comerciais na cidade.

Recoñecidas boa parte das eivas que conduciron á “Praza” á crise que soporta, as medidas correctoras deben de dotarse de contidos de renovación internos e de contexto. Os internos, que significarían unha mellora de servizos, requiren de:

- Ampliación do horario comercial, redistribución de espazos e usos dos mesmos.
- Instalación de consignas de frío, cun amplo horario de recollida dos produtos adquiridos, e de consignas para depositar bolsos ou outras compras.
- Adaptación ao novos hábitos de consumo: elaboración de produtos propios (partindo de materia prima, elaboración, envasado e etiquetado de produtos).
- Instalación dunha oficina de información e asesoramento sobre dereitos ao consumidor e nutrición.
- Demostracións monográficas de alimentos de tempada, con exemplos culinarios in situ por parte de profesionais.
- Demostracións monográficas sobre produtos concretos e en relación con zonas xeográficas ou de orixe: viños, queixos, viandas, etc.
- Dinamización de criterios sustentables ao respecto dos consumibles de plástico e en favor do consumo ecolóxico a fin xerar e fidelizar un novo tipo de usuaria/a.
- Facilitación de bonos de aparcamento no estacionamento ao mercar da praza.
- Bonificar o uso de liñas de bus que se relacionen co Mercado.
- Desenvolvemento de sistema de vendas por Internet.
- Creación dun servizo de entrega a domicilio que sexa sostible no gasto de combustible.
- Potenciar o papel da “Praza” en relación coa pesca de baixura e tradicional.
- Potenciar o papel da “Praza” en relación coa agricultura tradicional e ecolóxica.
- Ofertar servizos de caixeiros e pago con novas tecnoloxía de comunicación.
- Facer cumprir en tódolos casos a obriga de mostrar os prezos e orixe do produto.

No que atinxe a solucións e propostas de contexto:

- Atención sobre os locais comerciais da contorna inmediata da “Praza” que solucione a degradación e o abandono de moitos deles.
- Feiras rotativas e periodizadas no seu entorno directo que fortalezan os fluxos de circulación e uso da “Praza”.
- Considerar o retorno ás prazas (Verdura, Méndez Núñez, Teucro, A Pedreira) de mercados especializados e no seu día desaparecidos.
- Fortalecer o consumo de produtos de proximidade para recuperar tanto a “Praza” como as actividades e mercados paralelos en prazas e espazos veciños.

## **ECONOMÍA SOCIAL PARA UN MUNDO RURAL VIVO**

As diversas presións económicas e políticas ás que está sometido o medio rural provocar un descenso de poboación, caso que tamén se detecta no concello de Pontevedra. A ausencia de servizos homologables cos que se gozan nos centros urbanos, os atrancos e a falta de oportunidades relacionadas xusto co territorio onde se vive son causas que favorecen este descenso de habitantes nas parroquias. Para solventalo é preciso que agromen e implanten

novos proxectos e redes sempre arraigados nos territorios parroquiais e que funcionen como respostas transformadoras e de futuro.

Desde enfoques agroecolóxicos e solidarios, que promovan a soberanía alimentaria, chegará tanto a dinamización da parroquia como a conservación dos seus valores tradicionais baseados na solidariedade do común. Experiencias creativas e interdisciplinares promovidas polas comunidades de montes en man común deben de servir como un exemplo desde o que se pulará por reinventar e dotar de solidariedade as relacións parroquia-centro urbano.

Na actualidade, o papel estratéxico que ten a alimentación, ao traspasar unha influencia directa na nosa saúde, na calidade de vida, no benestar humano, abre unha vía, hoxe na práctica abandonada no noso concello, dun retorno sustentable ás pequenas explotacións agrarias que xeren riqueza, emprego ou auto-emprego.

Desde o goberno municipal e desde a participación cidadá, deberanse procurar solucións que desenvolvan alternativas que fagan fronte ao sistema agrícola e alimentario convencional e se contribúa a restaurar un modelo desde o que se lle devolva ás parroquias -con moitos terreos en estado de abandono ou en esquecemento produtivo- un papel decisivo para a xeración de produtos relacionadas coa terra.

Nestas políticas é fundamental contar co apoio de centros de investigación especializados no estudo e conservación das variedades locais e máis no desenvolvemento dunha horticultura e fruticultura achegada ás persoas e consumidores. Estas variedades locais, utilizadas durante séculos na agricultura tradicional, deixáronse de empregar nalgúns casos e, en xeral, os seus produtos non están presentes nin nas pequenas tendas nin en superficies de maior tamaño.

Experiencias tanto científicas como prácticas desenvolvidas nas últimas décadas en centros de investigación localizados no noso territorio poden servir de base. Desde a Misión Biolóxica de Galicia, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán, o Centro de Fitopatoloxía Agraria do Areeiro se deberan participar proxectos e apoios activos que as administracións (Concello, Deputación e Xunta de Galicia) coordinarán con vistas a asentar cambios sobre un modelo, o actual, que dilapida o valor da terra nas nosas parroquias.

Uns cambios no sistema agro-forestal -que deben ser contemplados e tamén impulsados desde os contidos dun novo PXOU- que poden pasar por un amplo repertorio de ideas e propostas que teñen todas como norte o desenvolvemento da soberanía alimentaria a escala local, a creación de emprego e o asentamento territorial da veciñanza parroquial:

- Convenios nas comunidades de montes para a limpeza de terreos, con rabaños caprinos que permitisen a creación e sostemento de empresas cooperativas (queixeiras, cárnicas...) así como o aproveitamento de restos como biomasa.
- Apostar por un modelo de xestión do monte que explote, en paralelo aos recursos forestais, potencialidades sociais e de ocio respectuosas coa natureza e o patrimonio cultural.
- Desenvolver proxectos relacionados coa mel no que se formen novos apicultores (con fomento do cooperativismo) e axudas para a instalación de colmeas e a súa defensa biolóxica.
- Desenvolver proxectos relacionados coa produción de cogomelos igualmente referenciados en modelos cooperativos e sempre a basearse no respecto aos ciclos

- naturais e máis na defensa da paisaxe e o territorio.
- Actuacións en espazos naturais da contorna urbana, como as xunqueiras, bosques de ribeira, fragas e carballeiras, que sexan capaces de xerar emprego mediante a súa posta en valor ante a sociedade.
  - Promoción do uso de árbores autóctonas en políticas igualmente implicadas na creación de emprego.
  - Impulsar o coñecemento agroecolóxico a partir da recuperación das tradicións locais.
  - Promover ensaios de “Banco de Auga” e un bo uso da mesma a través de asesoramento, formación e axudas públicas que permitan mellorar os sistemas de rega cara usos eficientes e adecuados ás características do territorio, conservando as infraestruturas tradicionais.
  - Creación dun “Banco de terras” de zonas urbanas en disposición de ser destinados ao cultivo recreativo e de autoconsumo para que os seus usuarios/as establecen relación de formación, intercambio e comercio con novas propostas de agricultura ecolóxica que se desenvolvan nas parroquias.
  - Creación de consellos agroalimentarios, como espazos de participación nos que se definan as estratexias a desenvolver e o seu cumprimento.
  - Elaboración de plans de ordenación territorial que inclúan sistemas de custodia do territorio participativos para protexer o patrimonio natural e promover as boas prácticas agrarias.
  - Actualizar e realizar estudos e análises á fin definir, delimitar e protexer a paisaxe agraria, as concas hidrográficas e todos os elementos patrimoniais que participan.
  - Asegurar a xestión colectiva dos bens comunais coas ordenanzas de apoio necesarias.
  - Impulso de mercados de venda directa, feiras e calquera outra fórmula de comercialización de alimentos de proximidade, ecolóxicos e de comercio xusto, así como facilitar a creación de grupos de consumo mediante, por exemplo, a cesión de espazos loxísticos.
  - Posta en marcha de campañas informativas e de sensibilización para mellorar o coñecemento das devanditas canles de comercialización de produtos locais agroecolóxicos e incentivar o seu consumo.
  - Establecer e apoiar mecanismos de certificación participativa de produtos locais e producidos baixo criterios agroecolóxicos, tanto a nivel municipal como supramunicipal.
  - Crear ordenanzas relativas ao solo agrario ao obxecto de restaurar e aproveitar terras con potencialidades agrarias, agora infrautilizadas ou puramente dilapidadas, tanto públicas como privadas, con destino á produción agroecolóxica.
  - Ofrecer plans formativos municipais e supramunicipais sobre prácticas agrarias ecolóxicas, creación e manexo de cooperativas e entidades da economía social e solidaria, circuitos curtos de comercialización, transformación agroalimentaria, normativas sanitarias, etc.
  - Fomentar a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para a promoción, implantación e acompañamento de políticas activas de formación e emprego relacionadas co sector agroalimentario.
  - Facilitar o traballo remunerado das mulleres no sector mediante a adaptación da maquinaria, medidas de conciliación familiar e laboral, priorizando o seu acceso á terra e prestando asesoramento sobre a lei de titularidade compartida das explotacións agrarias.
  - Posta en marcha de liñas financeiras, subvencións públicas e desgravacións fiscais para apoiar iniciativas de produción agroecolóxica e de proximidade, así como de transición da agricultura convencional á que contemple o respecto ecolóxico.
  - Facilitar a incorporación de persoas novas ao sector mediante plans formativos, coa cesión provisoria de vivenda, acceso aos recursos produtivos, etc.
  - Aposta pola creación de empresas públicas de produción primaria e de servizos e acometer cesións ou acondicionamento de infraestruturas municipais ou mancomunadas

- para o seu uso público.
- Creación de bancos, fondos ou outras figuras de xestión, con chan público ou privado, para facilitar o acceso á terra, xerando mecanismos que favorezan o seu intercambio e eviten o mercado especulativo.
- Impulsar ou apoiar bancos e feiras de intercambio de sementes, así como afianzar acordos cos centros de investigación comarcais para a conservación da diversidade xenética asociada á agricultura e a gandaría.
- Fortalecer a compra pública alimentaria de proximidade, agroecolóxica e de comercio xusto na restauración de carácter colectiva, a partir da introdución de criterios correctivos nos pregos de condicións de adxudicacións.

## PONTEVEDRA E O TURISMO SUSTENTABLE

O concello de Pontevedra, en colaboración co CES, necesita implicarse nun Plan Comarcal de Turismo de promoción das Rías Baixas como destino turístico. Este plan ten á vez que contar necesariamente co apoio do tecido empresarial e cooperativo para establecer as liñas dun novo modelo de recepción de turismo que procure destinos e hábitos de ocio turístico até o momento non explorados ou publicitados. A situación da cidade de Pontevedra como núcleo central da ría de Pontevedra, as súas infraestruturas e, sobre todas as cousas, o seu patrimonio cultural, histórico e paisaxístico deben centrar a procura dun “consumo” turístico que provoque unha desestacionalización e consiga aumentar e á vez repartir as visitas ao longo do ano.

### Propositiva para un novo turismo

O deseño de políticas imaxinativas de captación dun turismo -que ten que ser sustentable- pasan por estudar as potencialidades non identificadas, explotadas ou detectadas. Pontevedra e máis tamén a súa comarca gozan de espazos e elementos patrimoniais e paisaxísticos de enorme diversidade que, unidos a características definidoras da nosa vida tradicional e cotiá nas que a gastronomía, a etnografía, as festas -e nichos culturais non desenvolvidos até o momento- deberan ocupar un lugar sinalado para estudar medidas dun relanzamento que poden detectarse desde os seguintes enunciados propositivos:

- Incidir nos valores de presente e futuro da ría de Pontevedra e o seu sistema de areas con políticas que fomenten a súa defensa e respecto ecolóxico
- Valorar o papel da Illa de Tambo como foco de atracción comarcal polo seu gran valor paisaxístico, arqueolóxico, histórico e natural.
- Planificar unha rede de centros de interpretación da relación histórica de Pontevedra, e a comarca da ría, co mar, a pesca e o marisqueo.
- Posta en valor dun turismo xuvenil ligado a propostas de defensa e reconstrución do noso patrimonio marítimo tradicional, especialmente da carpintería de ribeira.
- Desenvolver unha rede de establecementos de campismo e de autocaravanas que cubra todos os arcos e costumes de uso e mais tamén a súa integración no tecido urbano.
- Recuperar o papel dos ríos como fonte de turismo e investigar sobre as potencialidades do río Lérez en relación co termalismo.
- Multiplicar, desde a variedade ou a especilización, as sendas peonís e para bicicletas con conexión e integración no mapa vial convencional.
- Diversificar a oferta hostaleira na procura de nichos específicos de visitantes a partir dunha

- especialización en destinos temáticos de orde cultural e patrimonial.
- Fomentar tanto o aumento da calidade como as pautas tradicionais e patrimoniais na oferta gastronómica dos establecementos hostaleiros.
  - Promocionar e desenvolver iniciativas para a dinamización da zona histórica da cidade de Pontevedra que contribúan á restauración e recuperación arquitectónica, patrimonial, e máis tamén habitacional, dos elementos construtivos en proceso de deterioro ou abandono.
  - Insistir e ampliar con novas propostas imaxinativas- na estrutura museística da que dispón a cidade de Pontevedra e a súa comarca.
  - Neutralizar a estacionalización por medio dunha previsión de calendarios, pautados e negociados, de congresos, feiras, festas e eventos deportivos.
  - Ligar o turismo de congresos e eventos con ofertas lúdicas promovidas desde o concello para que se poña en valor a oferta cultural inmaterial e de produtos singulares ou tradicionais.
  - Avanzar no deseño e na organización de “campus *parties*” sectoriais relacionados tanto co campus universitario (Comunicación, Publicidade, Ciencias do Deporte, Educación, Belas Artes, Fisioterapia, Enxeñería Forestal...) como cos diversos ciclos formativos relacionados con Pontevedra e a comarca (cantería, restauración, artes gráficas, hostalaría, comercio exterior...).
  - Posta en funcionamento dun plan de promoción e fomento do Turismo Accesible que permita e facilite o ocio turístico, e garanta os dereitos das persoas con necesidades especiais (mobilidade, sensorial e cognitiva) para que podan desenvolverse dun xeito independente, con igualdade e dignidade, grazas a unha oferta de produtos, servizos e deseñados de maneira universal.

## COMUNICACIÓN E TRANSPORTE PÚBLICO

O transporte é un sector crucial en termos de sustentabilidade. A súa incidencia directa ou indirecta en cuestións tan relevantes como o consumo de recursos naturais non renovables, o cambio climático, os usos do solo (urbanización difusa, construción de segundas residencias no litoral...), a contaminación atmosférica e acústica, a conservación da biodiversidade ou a saúde pública, é moi destacable. Tamén é, de seguro, un sector onde máis se acentúan as tendencias cara a non sustentabilidade ambiental.

Un sistema sustentable de transporte debe minimizar os custos ambientais e ser socialmente inclusivo. Debe garantir o acceso de todos aos bens e servizos, fornecer unha oferta diversa e de calidade de modos de desprazamento e protexer aos grupos máis vulnerables dos riscos sanitarios e de accidentes derivados do tráfico (infancia, persoas maiores, con problemas de mobilidade, doentes crónicos). Organizacións ecoloxistas europeas teñen insistido que “nun sistema sustentable de transporte, son os usuarios e non o conxunto dos que pagan impostos os que deben pagar polo uso das infraestruturas e os custos ambientais e sociais derivados, de tal xeito que sexan incentivados a facer escollas máis intelixentes e a non socializar os menoscabos asociados ao abuso dos medios privados de transporte”.

Un sistema sustentable de transporte será menos gravoso tamén en termos económicos. Reducirá os custos para empresas e persoas causados pola conxestión. Permitirá destinar unha parte dos custosos investimentos públicos en mantemento e construción de infraestruturas de

transporte a atender necesidades sociais urxentes, alén de reducir os gastos do sistema sanitario e da seguridade social causados polos accidentes de tráfico e, a maiores, diminuíra considerablemente a dependencia enerxética. Nese sentido, os límites ás emisións de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) e outros gases de efecto invernadoiro impostos polo Protocolo de Quioto, e o réxime de comercio de dereitos de emisión, poden supoñer a medio e longo prazo custos moi importantes pola compra de dereitos de emisión de CO<sub>2</sub>, e mesmo levar a deslocalizacións industriais, se as emisións do sector do transporte seguen a aumentar de maneira desbocada.

As claves principais do transporte sustentable son a xestión da demanda, é dicir, a redución das necesidades de desprazamento -o que pode acadarse a través dun adecuado e planificado ordenamento do territorio por parte do PXOU-, e mais a inversión na xerarquía dos modos de transporte, colocando o coche e o camiión no último lugar. É esencial desligar o desenvolvemento do crecemento do transporte e dos custos ambientais e sociais asociados a el.

### Por unha rede de transporte intramunicipal

Un concello de 83 mil habitantes como é Pontevedra, dotado dunha importante e estendida contorna comarcal e parroquial, debería ofrecer un transporte urbano público, universal e sostible (TPUS). Déficit que se fai máis evidente se pensamos que a comarca da que é cabeceira rolda entre os 120/140 mil habitantes. O uso da camiñada, a bicicleta, a bicicleta eléctrica ou os taxis non cobren satisfactoriamente traxectos de máis de 2 quilómetros urbanos. Aí é onde o transporte público gaña a partida para desincentivar o uso do automóbil privado.

O Transporte Público Urbano é imprescindible polas seguintes razóns:

- O envellecemento da poboación, persoas con cativos e carriños, persoas con diversidade funcional, ou que precisan desprazamentos continuados aos centros médicos.
- A necesidade de entender o aparcadoiro disuasorio como medida de último recurso, apostando polo Transporte Público como pilar fundamental dun sistema que disuada do uso do automóbil privado.
- A desigualdade no uso dos equipamentos da cidade entre a cidadanía que vive no rural ou no centro urbano.
- As distancias dun concello, como o de Pontevedra, entre o centro e os núcleos habitados da periferia, coa conseguinte dispersión dos residentes.
- A implantación da Axenda 21 local, e mais a Carta das Cidades de Aalborg e as directivas europeas ao respecto, aconsellan ou obrigan a unha redución dos gases de efecto invernadoiro e da polución atmosférica. O transporte, maiormente privado, é o principal responsable dunha parte desproporcionada desas emisións.

Razóns todas que introducen á necesidade de integración das liñas adjudicadas pola Xunta de Galicia desde unha necesaria revisión destas liñas, das súas condicións de concesión e das súas datas de finalización. A integración destas liñas co futuro Transporte Urbano de Pontevedra completaría unha rede comarcal de transporte público, eficiente, universal e sostible.

Á procura deste obxectivo son fundamentais as seguintes accións chave:

- Desenvolver, con participación social, un Plan de Mobilidade sustentable de ámbito comarcal que reoriente as prioridades de investimento, hoxe favorecedoras do uso do

- automóbil privado, e procure reducir o número de vehículos en circulación.
- Poñer en marcha un circuíto circular que conecte as parroquias co centro urbano e que á vez contribúa á comunicación entre parroquias.
- Establecer áreas de aparcamento gratuito nos catro puntos cardinais da cidade (orientadas, sobre todo, aos que traballan no centro urbano e non residen nel).
- Promover o transporte público no medio rural, recorrendo a solucións como a creación de empresas públicas e/ou o aproveitamento das liñas de transporte escolar.
- Implantar plans de transporte para todas as empresas de máis de 100 traballadores/as.

Construír sinerxías comunicativas con base no Eixo Atlántico (incluíndo nel o norte portugués) interrelacionaría cidades e centros de produción e, neste proceso de intercambio comunicativo, Pontevedra debe evidentemente aproveitar as potencialidades dos portos de Marín-Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, o seu achegamento a tres aeroportos, e a súa integración no corredor ferroviario galego.

Precisamente o ferrocarril debe situarse como a columna vertebral dun sistema sustentable de transporte. Para iso, sería precisa a modernización e a ampliación dunha rede ferroviaria que debe tender a se converter nun ferrocarril de proximidade e que consiga formar parte de planos de transporte público integrados e intermodais que pasarían por desenvolver as seguintes accións chave:

- Desenvolver un plan de ferrocarril de proximidade multiplicando as frecuencias dos servizos a Vigo, especialmente, Vilagarcía e Santiago.
- Mellorar, no ámbito comarcal, as ofertas e os custes dun transporte colectivo, circular e intermodal, coordinando as concesións actuais e mancomunando o posible establecemento de novas liñas de titularidade pública.
- Planificar estudos sobre a recuperación do tranvía Marín-Pontevedra con posibilidades futuras cara outras localidades do Morrazo.
- Demandar a gratuidade da A-9 como autentica circunvalación de Pontevedra, sen replicar políticas de destrución medioambiental e de privatización de infraestruturas (caso da A-57).
- Incentivar o desenvolvemento e uso de autos eléctricos e “electrolineiras”.
- Sustentabilidade no transporte de mercadorías en pos de estratexias de baixa emisión.

## **POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS E DE CALIDADE**

Desde o concello de Pontevedra se debe preparar técnica e xuridicamente a transición para, cando en 2017 rematen os contratos da Auga e do Lixo, recuperar ou promover a xestión directa e pública de ambos os dous servizos (89 empregos no de auga, e 117 no de lixo, para os que se buscarían fórmulas de subrogación). Pola súa parte, o de guindastre, remata o seu contrato a finais de 2019. Tamén, no primeiro trimestre de 2016 rematou o contrato do servizo de Axuda no Fogar (en poder da empresa Clece) que acaba de ser prorrogado por un ano.

### **Por un Plan de Remunicipalización da Auga**

A auga é un elemento central da vida e nese sentido decisivo cumpre unha función ambiental e social básica, facendo parte do ben común do conxunto dos seres vivos que habitamos este



planeta. A presión sen control dos usos industrial, agrícola e doméstico aumenta os problemas de potabilización e depuración intrínsecos ao noso modelo de consumo de auga. Como xestionemos isto, tanto desde o punto de vista da apropiación hídrica como da vertedura, afecta directamente á calidade do noso ambiente e definirá invariablemente o grao de sustentabilidade da nosa sociedade.

A auga debe manterse fóra de calquera proceso de privatización e especulación, lexislado ou por lexislar, sendo o seu carácter público o que materialice o investimento de calquera posible beneficio en medidas a favor da calidade ambiental de todos os aspectos que integran o ciclo da auga. Non é casualidade que moitos dos últimos sucesos de corrupción municipal foráneos tiveran o seu foco nalgunha empresa de xestión de augas, presuntamente implicada.

O primeiro paso sería avanzar no seu carácter público e colectivo, o que esixe unha xestión pública. A maior parte dos concellos galegos téñena privatizada, nos máis dos casos en mans de grandes corporacións ligadas á banca especulativa e con preocupantes experiencias nos conflitos da auga desenvolvidos especialmente en América Latina.

É pois urxente revertir esta situación para garantir que os principios reitores da xestión da auga sexan a sustentabilidade, a moderación e a racionalidade.

O segundo paso é asumir o ciclo da auga como un proceso integral, que teña en conta o medio natural, a biodiversidade e os elementos sociais, económicos e enerxéticos, ou o cambio climático. Os procesos de potabilización e depuración non deben en caso algún comprometer a calidade biolóxica, social, produtiva ou recreativa do territorio respectando o dominio público hidráulico, os espazos naturais, a marxe dos ríos, e máis tamén a súa chaira de asolagamento e as xunqueiras das desembocaduras.

O contrato administrativo de xestión indirecta de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais -na modalidade de concesión administrativa- foi asinado por Juan Luis Pedrosa, como alcalde de Pontevedra, e Aquagest, como titular da concesión, o 28 de febreiro de 1997. O contrato formalizouse por un total de vinte anos (prorrogables por un máximo doutros cinco), e a súa vixencia remata, como xa apuntamos, en febreiro de 2017.

En 2007 sufriu unha modificación para a cesión á Xunta de Galicia da EDAR de Os Praceres - instalada en recheos efectuados sobre a ría-, que levaba aparelado o transporte e vertedura dos lodos que xera a planta e máis o emisario submarino. En virtude desa cesión, o concello quedou liberado do pagamento a Viaqua (nova denominación empresarial de Aquagest) de ningunha cantidade polo saneamento. É o que fai incluír no recibo bimestral unha segunda parte (coeficiente de vertido) recadada para Augas de Galicia. Con todo, no recibo cárgase unha primeira parte (sumidoiros) que o concello ingresa nas súas arcas directamente.

Por este contrato de xestión da abastecemento de auga, o concello destinou para Viaqua no apartado de gastos dos orzamentos municipais do exercicio de 2014, como exemplo a citar dun ano concreto, unha partida de 5.809.000 euros (tras ter ingresado 4.100.000 euros por abastecemento de auga e outros 3.100.000 euros por saneamento).

É necesario que o concello de Pontevedra retome a xestión directa do ciclo da auga e, xa que logo, evitar a renovación do contrato de concesión a Viaqua (antes Aquagest). No tempo que resta

da concesión, precísase formular desde o concello un plan de viabilidade que administre a transición cara o momento de poñer en marcha a nova empresa de titularidade municipal e, en paralelo, tamén emprender negociacións coa representación social da actual Viaqua co ánimo de respectar dun xeito satisfactorio, e que garanta a legalidade, os dereitos laborais dos oitenta e nove postos de traballo que actualmente emprega a concesionaria.

### **Por un Plan de Remunicipalización do Lixo**

En 1999, en “tempo de desconto” da alcaldía de Juan Luís Pedrosa, o Concello asinou con Cespa (filial de Ferrovial), un contrato para a xestión en réxime de concesión administrativa do servizo de recollida de lixo. Fixouse unha duración de doce anos, e xa foi prorrogado en dúas ocasións (por un trienio cada unha), co nacionalista galego Miguel Anxo Fernández Lores na alcaldía. A súa vixencia remata en xuño de 2017 e no Orzamento de 2016 hai reservada para o pagamento á empresa concesionaria unha partida de 5.846.411 euros.

O remate do contrato da xestión do lixo que emprega a 117 traballadores coincide temporalmente coa aposta por parte do goberno municipal dun plan de compostaxe. Este plan carece de proxecto definido, mesmo se atendemos as declaracións dos responsables este foi cambiando de dimensións (en número de habitantes) e de volume de metros cúbicos que van a ser tratados.

O escurantismo co que se formulou o plan de compostaxe por parte do goberno municipal, así como a negativa do goberno a remunicipalizar o servizo, indican que a aposta é por manter o eu carácter privado.

O pleno da corporación aprobou, a proposta de Marea Pontevedra, a recuperación do carácter público do servizo así que remate a actual concesión. Trátase dunha grande oportunidade que unido a un novo modelo baseado na redución, reutilización e reciclaxe, abriría un novo concepto de tratamento dos RSU de carácter público e lonxe do modelo de incineración de SOGAMA.

## A MODO DE CONCLUSIÓNS

Non é este un documento que poda rematar en conclusións, senón en principios. A presente achega é una proposta de vida, unha proposición dun modelo de equilibrio, unha visión mobilizadora do que Marea Pontevedra desexa para ós seus paisanos e paisanas.

Non son as cifras ás que presiden neste documento, senón as letras que proclaman un xeito de entender cal é o destino proposto, unha vida integrada e integral, un enfoque sustentable e equilibrado, baseado nas realidades locais, as estruturas espaciais e demográficas da poboación e as posibilidades reais e realistas de construír un entorno común mellor.

Non é, nin se pretende en ningún caso, un relatorio de solución máxicas, pois só quen pretende confundir, cando non enganar, pode propoñer solución inmediatas para problemas estruturais. Cando se fala de construción, unicamente cabe a paciencia e o sentidiño, coma o peregrino que adianta un pé en cada paso. Mais o relevante é cara onde queremos camiñar, cal é o noso horizonte, a nosa Fisterra. No caso de Marea Pontevedra quere deixalo claro con este documento de inicio no que se marca claramente unha economía do pequeno e do humano, do sustentable e equilibrado, do real e do local, do colectivo e do común, do global na ollada e do local na posta en marcha, da responsabilidade e da autosuficiencia.

A seguir, anos de traballo, todos e todas, para facer deste camiño, pasos con propostas concretas coma as xa presentadas da remunicipalización de servizos ou en materia de servizos sociais, de renda mínima de garantía ou da aposta pola economía social, e todas as que virán, para convencer e contaxiar a nosa veciñanza da nosa convicción de que este é un camiño real e posible para facer unha Pontevedra mellor.